

Instrucións para o profesorado: 1ª Sesión de *Lecturas Compartidas*

Querido profesorado,

arrancamos unha nova edición das **Lecturas compartidas**. O obxectivo é seguir fomentando o gusto pola lectura, a convivencia entre diferentes niveis e a expresión artística do noso alumnado.

A continuación detallamos a proposta para esta **primeira sesión**, que cada docente pode **adaptar libremente** segundo a dinámica da súa aula e o tempo dispoñible.



Duración: Unha sesión completa.



Proposta de desenvolvemento da sesión

1 Acollida e presentación (10 minutos)

- Reunir ao alumnado das dúas aulas que formarán parellas lectoras na biblioteca.
- Presentar brevemente o sentido das *Lecturas compartidas*: ler, conversar, imaxinar e crear xuntos/as.
- Formar as **parellas lectoras** e deixar un breve tempo para que se coñezan (nome, gustos, libro favorito, etc.).

2 Sinatura do Contrato lector (10-15 minutos)

- Entregar a cada parella o *Contrato lector* preparado pola biblioteca.
- O alumnado debe cubrir e **asinar o compromiso lector** de maneira conxunta.
- Decorar de forma conxunta a portada do Contrato lector.

3 Elección e lectura do primeiro conto compartido (15-20 minutos)

- Permitir que cada parella **elixa un conto ou texto breve** da selección dispoñible na biblioteca.
 - Realizar a **lectura compartida**.
 - Ao rematar, cubrir no Contrato Lector a valoración desta primeira lectura.
-

Creación do marcapáxinas artístico (10-15 minutos)

- A biblioteca facilitará un **modelo de marcapáxinas**, que xa inclúe a mensaxe:

♥♥ *“Cada lectura compartida pinta un recordo no noso corazón.”*

- O alumnado deberá **decorar a cara traseira** inspirándose na lectura feita: debuxo, cor, símbolo, frase...
 - Este marcapáxinas servirá como **recordo da primeira lectura compartida do curso**.
-

Materiais necesarios

- Contrato lector (1 por parella).
 - Marcapáxinas impreso (1 por persoa).
 - Lapis, ceras, rotuladores, ...
 - Contos ou textos breves.
-

Recordatorio

- A actividade pode adaptarse libremente: o importante é **crear un primeiro encontro lector positivo e creativo**.